



IES de Poio



PRACTICUM DEPO

CRITERIOS DE SELECCIÓN PRACTICUM-DEPO21/22 Programa ERASMUS+

O alumnado candidato ás mobilidades debe cumprir os seguintes requisitos:

1. Requisitos educativos:

Debe ser estudante de 2º curso do Ciclo Formativo de Grado Medio de Guía no medio natural e de actividades de lecer e ter superadas as súas prácticas FCT no momento do inicio da mobilidade.

Durante os seus estudos o alumnado debeu participar activamente na súa formación, ser un/ha alumno/a serio/a e motivado/a, ter adquirido as habilidades de organización do seu traballo, ter coñecementos básicos relativos o seu oficio, bo sentido común e capacidade de adaptación o traballo, incluso se o contexto non sempre é favorable ou moi diferente dos seus hábitos.

2. Requisitos sobre Linguas:

Debe ter un nivel mínimo do idioma do país onde vai realizar as súas prácticas (inglés, francés, italiano, portugués,...), ou no seu defecto pasar satisfactoriamente unha proba de nivel a realizar en data por determinar antes do inicio da mobilidade.

3. Calidades persoais:

O alumnado candidato debe estar motivado para a acción de mobilidade, debe ter a capacidade de construír relacións e ser amable, debe ser puntual, ser unha persoa de mente aberta sobre novas situacións, capaz de traballar en equipo e autodisciplinado, tamén debe aceptar traballar de maneira independente despois de recibir as instrucións.

Os participantes teñen que mostrar interese en outros países e culturas sen prexuízo ou rexeitamento.

A nota final obterase da suma das puntuacións dos seguintes apartados:

1. Adecuación da titulación e do perfil da persoa bolseira (30%)

Ata un máximo de 2 ptos. a motivación, autonomía, madurez, compromiso co programa, habilidades comunicativas (a partir do informe do/a titor/a, equipo didáctico ou orientador/a do centro).

A actitude nas clases e a asistencia regular ao ciclo cursado ata un máximo de 1 pto.:

- Asistencia a máis do 90% das clases lectivas: 0,5 ptos.
- Asistencia de menos do 90% das clases lectivas: 0 ptos.
- Ausencia de faltas de conduta: 0,5 ptos.
- Existencia de algunha falta de conduta: 0 ptos.

2. Expediente académico (30%)

PUNTUACIÓN NUMÉRICA	PUNTUACIÓN NON NUMÉRICA	BAREMO
Do 6 ó 6,99	Aprobado	1
Do 7 ó 8,99	Notable	1,5
Do 9 ó 10	Sobresáinte	2,5
Matrícula de honra		3

3. Coñecementos de idiomas (20%)

— A1: 0 ptos.— A2: 0,5 ptos.— B1: 1 ptos.— B2: 1,5 ptos.— C1 ou C2: 2 ptos.

Non se terán en conta as titulacións de nivel inferior que levaron a adquirir outra de nivel superior.

Sen certificado oficial: realización dunha proba de nivel (escrito+oral) ata un máximo de 1 pto.

4. Méritos (10%)

Dende 0,5 ptos. cada título de formación profesional de grao medio diferente o que lle de acceso a mobilidade ata un máximo de 1 pto.

5. Entrevista persoal (10%)

Habilidades persoais e sociais suficientes para desenvolverse en contornos distintos os acostumados.

Valorarase a acreditación de pertenza a calquera tipo de ONG ou participación de programas de voluntariado,...

4. Solicitudes

Os interesados deben cumprimentar o impreso de solicitude cos seus datos persoais (nome, dirección, data de nacemento, correo electrónico, teléfono de contacto), e co grupo, curso e ciclo formativo o que pertence.

As solicitudes deben entregarse antes do 20 de novembro de 2021 na Secretaría do Centro.



PRACTICUM DEPO

DATOS DA INSCRIPCIÓN

NOME E APELIDOS: _____

CICLO FORMATIVO E CURSO: _____

DATA DE NACIMIENTO: _____ NIVEL DE INGLÉS: _____ OUTRO IDIOMA: _____

TELÉFONO: _____ CORREO ELECTRÓNICO: _____